



RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias da Vida.

Por Resolución de do 21 de decembro de 2022 (DOG núm. 5, do 9 de xaneiro de 2023) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida.

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Faustino Gómez Rodríguez, profesor no Departamento de Física de Partículas na Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

María Dolores Cortina Gil, catedrática no Departamento de Física de Partículas da Universidade Santiago de Compostela.

Ana Paula Vega Gliemmo, coordinadora do Grupo de Xenética do Cancro no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que consta na marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

